



## **PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MONDARIZ**

### **CLÁUSULA 1ª. Localización do servizo**

O servizo de limpeza realizarase nos edificios do Concello :

- Casa do Concello : limparase todos os días hábiles. Engloba os aseos do primeiro andar, a oficina da Policía Local e a totalidade do segundo andar.
- Centro Social : limparase todos os días hábiles. Realizarase sobre todas as instalacións exceptuando a cafetería e os aseos do primeiro andar sempre que estea adxudicada; en caso contrario, limparase os aseos do primeiro andar.
- Centro Médico : limparase todos os días hábiles.
- Biblioteca Municipal “Xoán Xosé Pérez Labaca” : limparase todos os días hábiles.
- Escola de Música Municipal : limparase todos os días hábiles.
- Praza de Abastos : limparase todos os días do ano exceptuando os días festivos que non se realice a feira.
- Pavillón municipal : limparase como mínimo tres veces á semana.
- Campo de fútbol de “A Lagoa “ : limparase os martes e venres pola mañá.
- Piscina Municipal : do 15 de maio ao 15 de setembro limparase os vestiarios e as instalacións da piscina municipal diariamente.

En caso de non procederse á apertura da piscina o prezo experimentará unha rebaixa proporcional calculada por unha regra de tres pola diminución das horas de piscina en relación ao cómputo total de horas do contrato.

### **CLÁUSULA 2ª. Traballos a realizar**

#### **FRECUENCIA DIARIA :**

- Varrido húmido de chans.
- Fregado de chans segundo necesidade.
- Aspirado de alfombras e moquetas segundo necesidade.



- Limpeza e desinfección de aseos : sanitarios, alicatados e pavimentos.
- Desempoadado e limpeza de mobiliario.
- Limpeza de cinceiros e papeleiras.
- Limpeza de varandas, pasamanos, manillas e arredores.
- Reposición de papel hixiénico, toallíñas e xabón.

#### **FRECUENCIA SEMANAL :**

- Limpeza a fondo da superficie das mesas.
- Desempoadado de extintores e radiadores.
- Limpeza de portas exteriores e interiores : marcos e cristais das mesmas.
- Limpeza de balcóns.

#### **FRECUENCIA MENSUAL :**

- Limpeza dos cristais pola cara interior
- Limpeza dos cristais pola cara exterior. O exterior dos cristais de difícil accesibilidade limparanse como mínimo 3 veces ao ano.

#### **FRECUENCIA CUATRIMESTRAL :**

- Limpeza de marcos exteriores de ventás.
- Limpeza de persianas.
- Limpeza de teitos e paredes.

O contratista quedará obrigado igualmente a efectuar as limpeza de carácter extraordinario que se precisen con motivo da realización de obras de pequenas reformas, pintura total ou parcial do edificio ou edificios que compoñan os centros, así como actuacións culturais, festividade, electorais, ...

#### **CLÁUSULA 3ª. Condicións específicas de limpeza.**

##### **PRAZA DE ABASTOS :**

Limparase todos os días e o domingo limparase o recinto exterior.

O actual chan da praza de abastos, polo material do que está feito; gres, non precisa de baldeo para garantir a súa limpeza.

Débese evitar a creación de humidades por exceso de auga, así que preferiblemente a limpeza debe realizarse con máquina automática industrial, de non ser posible debe facerse empregando fregona industrial e produtos adecuados para a eliminación de posibles manchas.

So debe realizarse baldeo nas zonas circundantes dos postos de venda de peixe tendo conta de recoller as augas na reixa situada fronte a cada posto. Esta reixa levantarase para facilitar a saída da auga e introducirase nela a manguera con presión para facilitar a eliminación de restos de peixe e aplicarase un produto como lixivia para completar a limpeza. Finalizada esta operación pasarase a fregona para secar os restos de auga.



Cunha periodicidade mensual débense eliminar as teas de arañas e o po acumulado nas partes altas.

Os sanitarios deben ser desinfectados diariamente, repondo os artigos de limpeza, se fose preciso, tales como toallifias de papel, xabóns ou papel hixiénico e proceder ao baleirado das papeleiras.

## **PAVILLÓN MUNICIPAL**

### **Instrucións de limpeza e mantemento para revestimentos deportivos Grabo**

A limpeza e o mantemento regulares inflúen moito na durabilidade e o aspecto agradable do revestimento para chans. Naturalmente, a frecuencia no mantemento depende da intensidade do uso.

Para protexer o bo estado dos pavimentos Grabo recomendamos unha limpeza diaria e unha limpeza a fondo periódica.

Ademais dos produtos de limpeza recomendados nas presentes instrucións poderanse utilizar outros produtos de limpeza, coa condición que teñan os mesmos parámetros. Non utilizar produtos de limpeza que danen ou raien a superficie do revestimento.

En xeral, é importante respectar as instrucións do fabricante e recoméndase pedir consello á empresa fabricante dos produtos de limpeza e seguir os mesmos.

### **Medidas preventivas**

Para os móbeis utilizar soportes e rodetes adecuados, e limpalos regularmente.

### **Limpeza a fondo**

- Eliminación de impurezas sólidas da superficie con escoba ou aspirador.
- Eliminación de impurezas difíciles e pegaxosas.
- Ferramentas :
  - Limpador a fondo fortemente básico
  - Fregadora dun disco con ped vermello
  - Sistema de aspiración de auga ( cepillo con mango)

O produto limpador a fondo de alto rendimento serve para diluír rápida e completamente as impurezas incrustadas. Contén solvente soluble en auga, tensidos e eventualmente sustancias desinfectantes.

- Tecnoloxía : Distribuír a solución nunha superficie de uns 5-10 m<sup>2</sup>, deixala actuar uns 10-15 minutos, fregar a superficie, aclarar abundantemente con auga e aspirar de novo ( neutralización ).

A limpeza a fondo debe levarse a cabo cunha frecuencia en función da intensidade do uso. Frecuencia habitual : ½-1 ano.

### **Limpeza diaria**

- Eliminación de impurezas sólidas da superficie coa escoba ou aspirador.
- Limpeza húmida, realizable manualmente ou coa axuda dunha máquina.



### Limpeza húmida manual

Para a limpeza diaria requírese unha mopa, un portamopa e un produto de limpeza. Recomendamos utilizar un produto de limpeza con alcohol, a base de tensidos aniónicos ou non iónicos, porque este tipo de produtos conservan moi ben a luz orixinal das superficies, sécanse rápido e non deixan pegadas.

Recomendamos realizar a limpeza coa tecnoloxía de dous caldeiros.

### Limpeza húmida mecánica.

Para a limpeza mecánica diaria do revestimento Grabo recomendamos utilizar unha fregadora automática de conducción posterior ou de condutor sentado. Para a limpeza mecánica recomendamos utilizar produtos de limpeza que conteñan tensidos non iónicos ou catiónicos. É importante que o produto non altere as características de deslizamento da superficie.

### Eliminación de manchas.

<b>Manchas</b>	<b>Eliminación</b>
Chocolate, graxa, zume de froita, xeados, nata, café, limoadas, té, viño, ovos, cervexa	Produto de limpeza neutro diluído en auga tibia
Asfalto, goma, aceite, cera para zapatos, pintalabios, rotulador	Nafta de limpeza ou alcoes metílicos. Utilizar trapo branco e cepillo.
Cera de velas e chicles	Xeo nunha bolsa de plástico. Unha vez seco, romper e fregar con coidado.
Sangue	Auga fría, engadindo unhas gotas de amoníaco se fose preciso.
Óxido, cal	Produto de limpeza lixeiramente ácido (pH 3-4)
Pegamentos	Limpador de pegamentos, gasolina pesada. Aclarar con auga e secar ben.
Cera	Quitamanchas Eleatex

Despois de eliminar as manchas limpar sempre o pavimento cun trapo mollado.

### **CLÁUSULA 4ª. Condicións xerais.**

O Concello exporá en lugar visible de cada recinto os estadiños debidamente cubertos e asinados onde se especifique a persoa que realiza a limpeza así como os días e os horarios nos que se realizou o traballo na instalación.

En cada un deses estadiños, a maiores do sinalado no parágrafo anterior, informarase da reposición de material funxible necesario para o uso diario en cada instalación, así como das incidencias extraordinarias atopadas na realización de cada servizo.

Mondariz, a 10 de febreiro do 2017



Merouces 16  
36870 Mondariz  
(Pontevedra)  
Tfno: 986 664 306  
Fax: 986 656 006  
[info@concellodemondariz.com](mailto:info@concellodemondariz.com)

O Alcalde

Xoán Carlos Montes Bugarín